

danz-ART

V-29 de abril-18:30 h

Público infantil e familiar (+2 anos)
"Natanam" de DA.TE Danza (Granada)

Cada persoa brilla con luz propia. Nesta peza de danza contemporánea vemos dous amigos que se atopan nunha sala de xogos. Descubren que hai auga, lume, vento e terra ordenados e a súa disposición.

Natanam significa danza en sánscrito, e ese é o punto de partida, darlle aos máis pequenos un espazo e un tempo de sensacións a partir da pureza da danza, elemento fundamental para abordar a educación emocional.

DA.TE Danza leva máis de 20 anos de traxectoria profesional e con 25 espectáculos estreados e dirixidos a público familiar.

Dirección e coreografía: Omar Meza
Dramaturxia: Lola Fernández
Elenco: Raúl Durán e Mª José Casado
Composición musical: Jesús Fernández e David Campodarve
Duración: 50 min.



Premio Feten 2021 ao
Acercamento da Danza á
Primeira Infancia.

29 de abril Día Internacional da Danza

expo-ART

Do 4-29 de abril-Sala de Exposicións do CCC de Arteixo
"Liberdade" do Colectivo de Fotografía OLLO DE VIDRO



Integrado na AC Alexandre Bóveda da Coruña este colectivo fainos reflexionar sobre a necesidade de reivindicar un dereito básico: a **liberdade** de expresarse nos medios e recursos da cultura propia.

Liberdade de imaxinar, crear, e recrear a propia visión do mundo. Liberdade para poder denunciar e modificar as formas das culturas lesivas cos dereitos básicos. Liberdade para rexeitar calquera tipo de discriminación. Liberdade para poder acceder a calquera información veraz e non manipulada. Liberdade para reivindicar e exercer cantos dereitos básicos consideremos.

<http://ollovidro.gal/exposicion-fotografica-liberdade/>

A CONCELLARÍA DE CULTURA LÉMBRALLE QUE:

- Unha vez comezada a función pode restrinxirse o acceso á sala, polo que se prega a máxima puntualidade.
- Non se permite o consumo de alimentos e bebidas no interior da sala.
- Os carros, paraugas, triciclos, etc. deberán permanecer fóra da sala.
- As alarmas e os teléfonos móbiles deben estar desconectados.
- Para realizar gravacións e tomar fotografías deberán obter permiso previo da organización.
- Cada espectáculo está pensado para unhas idades preferentes que recomentan as propias compañías polo que:
 - En espectáculos infantís ou para todos os públicos: os menores de 12 anos sempre estarán acompañados por un adulto, que aboará a entrada correspondente, se é o caso. Só se autorizará a entrada de bebés nos espectáculos especificamente programados para eles.
 - En espectáculos para adultos: só se permitirá a entrada a menores se están acompañados por adultos, responsables dos seus comportamentos e dos posibles contidos inapropiados que poidan estar vendo, polo que a Concellaría de Cultura declina neles toda a responsabilidade sobre estes temas.
- Algúns dos espectáculos estarán suxeitos ao aboamento de entrada e, para o resto, deberán retirarse as correspondentes invitacións para o acceso á sala.
- Esta programación poderá sufrir variacións.

VENDA DE ENTRADAS:

En horario de 11:30-13:30 h e 2 h antes de cada acto na Billeiteira do CCC de Arteixo até completar a capacidade da sala que as autoridades permitan. O nº máximo de entradas limitarase a 5 por persoa. O dereito a redución deberá acreditarse documentalmentemente (Ordenanza fiscal nº 34)

DISTRIBUCIÓN DE INVITACIÓNS:

1 h antes da función na Billeiteira do CCC de Arteixo até completar a capacidade da sala que as autoridades sanitarias permitan. O nº de invitacións limitarase a 5 por persoa.



Deputación
DA CORUÑA

galecia



Xacobeo 21-22



PrimART

ARTEIXO

PRIMAVERA DAS ARTES

AUDITORIO

E SALA DE EXPOSICIÓNS
DO CCCDEARTEIXO

marzo-abril 2022

+INFO:

CENTRO CÍVICO CULTURAL DE ARTEIXO
PASEO FLUVIAL, S/N, 15142
981 641 803 / CULTURA@ARTEIXO.ORG
WWW.ARTEIXO.ORG

teatr-ART

V-25 de marzo-20:30 h - Público adulto (+12 anos)
"O galego, a mulata e o negro" de Cardume Teatro



Comedia baseada na peza teatral do dramaturgo, actor e historiador galego Gustavo Pernas Cora: **O Galego, A Mulata e o Negro.**

Autor: Gustavo Pernas Cora
Adaptación e Dirección: Cardume Teatro
Dirección: Matilde Blanco
Duración: 70 min.

Esta obra semella ser unha reconstrucción do noso pasado galaico-caribeño representado en cinco actos onde diversos galegos, mulatas e negros dan vida a quince personaxes que se desenvolven e transforman segundo van transcurrido os cambios políticos e sociais en Cuba dende 1886 ata o 1990. Escravos africanos, emigrantes e mulatas que amosan coas súas andanzas unha panorámica historia en clave de humor.

27 de marzo: Día Internacional do Teatro

cinem-ART

S-26 de marzo-20:00 h - Público adulto (+12 anos)
"O gran camiño" Ciclo Mestre Mateo



Documental narrado en primeira persoa por **Alba e Raúl**, dous cineastas que deciden cargar as cámaras nas súas mochilas para emprender unha aventura de miles de quilómetros polas grandes rutas a pé do mundo. **O Pacific Crest Trail**, un dos sendeiros máis extremos dos EEUU, o misterioso **Camiño Inca a Machu Picchu**, a ancestral ruta do **Kumano Kodo** entre grandes templos xaponeses, ou o europeo Camiño de **Santiago**, non son máis que unha excusa para unha viaxe máis profunda ao encontro da xente dos camiños, cos que se tratan temas universais como as fronteiras, o amor e o sacrificio pola familia, os conflitos sociais, a espiritualidade, o cuidado do noso planeta, a conexión coa Pachamama, ou o regreso a un mesmo.

Produtora: Meteórica
Guión, dirección, fotografía, produción: Alba Prol Cid, Raúl García
Posproducción: Meteórica Cine, Aracne Digital Cinema
Estudio de son: Cinemar Films
Duración: 70 min.

cinem-ART

V-1 de abril-18:30 h - TP/Familiar
"Los Croods 2: una nueva era"



Con invitación
Dirección: Joel Crawford
Produtora: Dreamworks Animation
Duración: 95 min.

A pintoresca familia prehistórica dos Croods volve facer das súas. Este divertido clan formado pola noya e inquieta **Eep**, o seu pai gruñón **Grug**, a súa comprensiva aínda que despistada nai **Ugga**, ademais do friki **Thunk** e a bebé **Sandi**, regresan á gran pantalla nunha nova aventura troglodítica, lembrándonos a importancia da familia... E o pouco que evolucionamos. Esta vez, Os Croods enfrontaranse á súa maior ameaza desde que abandonaron a cova: outra familia.

Nominacións en 2020:
Globos de Oro: Mellor película de animación
Premios Annie: 6 nominacións incluíndo mellor película e storyboard

teatr-ART

V-8 de abril-20:30 h - Público adulto (+12 anos)
"Una flor en la nevera" de Pez luna teatro (Palencia)



Dirección, autoría: Mercedes Herrero Pérez
Axudante de dirección e dramaturxia: Vesna Bolanca y Patxi Vallés Moratinos
Duración: 90 min.

Peza de teatro documentada a partir de entrevistas a persoas que viviron abusos sexuais na infancia. Presenta un tema que atravesará todas as culturas: a invasión do corpo alio. DESVELA un secreto, DEMOSTRA que o corpo non esquece e AFIRMA que a infancia é responsabilidade das persoas adultas. A obra defende que só verbalizar cura. A ferida deixa de ser invisible, adquire a dignidade da cicatriz exposta. A interpretación da actriz é acción contida en estado puro levada ata a explosión, porque a única saída é CONTAR.

music-ART

S-9 de abril-19:00 h - TP
Coro xuvenil da Orquestra Sinfónica de Galicia

Formado por 35 mozos de entre 13 e 21 anos, esta agrupación representa o ponte coral entre o Coro de Nenos e o de adultos da OSG.



Dirección musical: Daniel García Artés
Director artístico: Joan Company

V-22 de abril-18:30 h - Público infantil(+6 anos)
"Teatro dos vieiros" de Xoán Curiel e Charo Pita



Xoán Curiel e Charo Pita representan aos traballadores dun teatro máis a aparición dun furacán no camiño fai que o actor e actriz que debían protagonizar a obra non den chegada a tempo! Estes dous traballadores do teatro, terán que botar man do seu inxenio e improvisar o espectáculo para tranquilizar ao público. **Teatro dos vieiros** é unha fresca comedia, un espectáculo cheo de dinamismo e diversión donde se fusionan o teatro, a narración oral e a música en directo para adentrarnos na vida e no universo de **Carvalho Calero**.

23 de abril: Día Internacional do Libro

cinem-ART

S-23 de abril-20:00 h - Público adulto
Ciclo Mestre Mateo



<https://ciclomestremateo.gal/>